

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 28 DE XULLO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **VINTEOITO DE XULLO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do tenente de Alcalde **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^a MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO** e **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

Non asiste: **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

2º.- URBANISMO.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

1.1.- Visto o requerimento da sala do contencioso administrativo, sección 002 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación ao procedemento ordinario 40066/2002 interposto por URBASER, S.A. contra o Concello de Silleda.

Visto que no Auto de data seis de xuño de 2011 (data de entrada no rexistro do concello 16 de xuño 2011 nº 2530) se acorda fixar en 248.222,28 euros o importe do principal da débeda e intereses que a data de 23.06.10 adeuda o concello de Silleda á sociedade mercantil URBASER, S.A. e se lle require para que realice e acredite o pago ante esta sala antes do día 31.07.2011.

Visto que de non atender o requerimento se advirte do incremento dos intereses legais así como multas coercitivas de 600.00 € ao alcalde en aplicación do artigo 112.1 da Lei 29/1998.

Por parte da Alcaldesa pregúntase á Interventora Municipal, cal é a cantidade que a día de hoxe se pode saldar de forma inmediata o cal a funcionaria municipal contesta que a data de hoxe a cantidade imputada orzamentariamente é de 42.923,60 €.

Tendo en conta o anterior, a Alcaldesa pon en coñecemento da Xunta de Goberno Local que con data de 29 de xullo vaise proceder a ordear o pagamento da cantidade que se atopa recoñecida na contabilidade municipal polo importe de 42.923,60 euros e a vista de que este pago supón a vontade do goberno municipal de saldar a débeda existente, propón a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Abrir negociacións coa sociedade mercantil Urbaser, S.A. a efectos de chegar a un acordo sobre o pagamento do resto da débeda.
- 2.- Solicitar á empresa para que, en tanto duren as negociacións, suspenda a execución temporal da sentenza.
- 3.- Dar conta do presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza.

1.2.- Dase conta do escrito remitido pola Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística-Secretaría Xeral de Política Lingüística, en relación a actualización de representantes do Concello na Rede de Dinamización Lingüística.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda nomear como representantes do Concello na Rede de Dinamización Lingüística a:

	Nome e Apelidos	DNI	Enderezo Electrónico de contacto	Teléfono de contacto
Representante Político titular	Paula Fernández Pena	76.813.151-M	paula.fernandez@silleda.es	986.58.00.00
Representante Político suplente	Matias Rodríguez da Torre	44.075.856-J	matias.datorre@silleda.es	986.58.00.00
Representante Técnico titular	Mónica González Conde	76.816.828-W	monica.gonzalez@silleda.es	986.58.00.00
Representante Técnico suplente	Rosa García Fernández	35.292.428-D	rosa.garcia@silleda.es	986.58.00.00

1.3.- Convenio de Red Electrica de España, S.A.U. co Concello de Silleda relativo a subestación de transporte de Silleda de 400 kv e linea de transporte de enerxía eléctrica

Visto o convenio asinado pola Alcaldesa Dona Paula Fernández Pena en representación do Concello e doutra parte Don Carlos Collantes Pérez -Ardá e Don Antonio María Calvo Roy en representación de Red Eléctrica de España, S.A.U. con data de 27 de xullo de 2011

Visto que en virtude do citado convenio, RED ELECTRICA comprométese a entregar ao Concello de Silleda a cantidade de 97.188,00 euros (noventa e sete mil cento oitenta e oito euros) no parzo de 10 días a contar dende o día seguinte ao de ratificación do convenio pola Xunta de Goberno Local.

Visto os informes de Secretaría e de intervención de data 28 de xullo de 2011 e de acordo

coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011 no relativo á xestión económica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

- 1.- Ratificar o convenio de Red Electrica de España, S.A.U. co Concello de Silleda relativo a subestación de transporte de silleda de 400 kv e linea de transporte de enerxía eléctrica asinado con data 27 de xullo de 2011.
- 2.- Notificar o presente acordo á Red Eléctrica de España, S.A.U.
- 3.- Dar conta do presente acordo aos servizos de intervención e ao Pleno na seguinte sesión que se celebre.

1.4.- Convenio de Red Eléctrica de España, S.A.U. co Concello de Silleda para a colaboración no desenvolvemento social e cultural da parroquia de Carboeiro.

Visto o convenio asinado pola Alcaldesa Dona Paula Fernández Pena en representación do Concello e doutra parte Don Carlos Collantes Pérez -Ardá e Don Antonio María Calvo Roy en representación de Red Eléctrica de España, S.A.U. con data de 27 de xullo de 2011.

Visto que en virtude do citado convenio, RED ELECTRICA comprométese a entregar ao Concello de Silleda a cantidade de 40.000,00 € en concepto de patrocinio, dos cales 20.000,00€ se destinarán ao proxecto de alumbrado do Mosteiro de Carboeiro e os restantes para actividades sociais e culturais.

O concello pola súa parte comprométese a facer mención expresa de RED ELECTRICA como entidade patrocinadora en todos os medios de publicidade que se establezan con motivo das obras de alumbrado do Mosteiro de Carboeiro.

Visto os informes de Secretaría e de intervención de data 28 de xullo de 2011 e de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011 no relativo á xestión económica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

- 1.- Ratificar o convenio de Red Electrica de España, S.A.U. co Concello de Silleda para a colaboración no desenvolvemento social e cultural da parroquia de carboeiro asinado con data 27 de xullo de 2011.
- 2.- Notificar o presente acordo á Red Eléctrica de España, S.A.U.
- 3.- Dar conta do presente acordo aos servizos de intervención e ao Pleno na seguinte

sesión que se celebre.

1.5.- Dase conta do escrito remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3171, de data 26 de xullo de 2011, remitindo acordo do Sr. Presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, a través do cal se fai entrega parcial ao Concello de Silleda da obra “Clave OH.336.781 - Colectores xerais e Estación Depuradora de Augas Residuais de Bandeira. Concello de Silleda (Pontevedra)”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.6.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3096, de data 19 de xullo de 2011, expediente DH.A36.15259 a nome de Dº Manuel Fidalgo Villaverde, remitindo resolución de data 12 de xullo de 2011 pola que se otorga a concesión dun caudal de augas públicas procedentes dun pozo situado no lugar de Capricho (Silleda), cun caudal medio equivalente de 0,081 litro/segundo, con destino a uso gandeiro.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.7.- Escrito do Instituto Nacional de Estadística, Rexistro de Entrada nº 2938, de data 08 de xullo de 2011, comunicando que con data 30 de xuño de 2011 publicouse no BOE a orde ministerial “Orden PRE/1794/2011, de 29 de xuño”, pola que se dictan instrucións para a formación dos Censos de Poboación e Vivendas do ano 2011, polo que segundo o artigo 10.1 os Concellos nomearán un Asesor Local que prestará axuda ó INE en materias de delimitación de sección e contido das mesmas en canto a unidades poboacionais e vías de comunicación, todo o relativo ó artigo 12, así como o localización e ubicación das distintas unidades, e o apoio na resolución de problemas de ámbito local que poideran presentarse.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Nomear como Asesor Local que prestará a axuda anteriormente indicada o INE o traballador municipal, Dº Casimiro González Ayude.

2º.- Notificar este acordo ó interesado.

3º.- Notificar este acordo o Instituto Nacional de Estadística.

1.8.- Escrito de Espina & Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 3133, de data 20 de xullo de 2011, remitindo relación de abonados do servizo municipal de augas que teñen recibos pendentes de pago, correspondentes dende o 1º trimestre do ano 2010 ao 1º trimestre do ano 2011, comunicando ó respecto que de non existir obxeción continuarase cos trámites para que de acordo co disposto na lexislación vixente, ultimar os pertinentes expedientes de corte do suministro.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, non existindo obxección pola súa parte.

1.9.- Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 3131 de data 20 de xullo de 2010, remitindo facturación correspondente ó 2º trimestre de 2011, ascendendo o total de facturación á cantidade de 124.943,17 €.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar esta facturación e dar traslado da mesma ó departamento de Intervención.

1.10.- Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 3132, de data 20 de xullo 2011, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de xuño de 2011 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Contreras Contrino Gabriel I.	Rúa D, 28-3F (Silleda)
Asoc. Ferial Semana Verde de Galicia	Avda. Recinto feiral s/n (Quesería) (Silleda)
De Sousa Miguelez Idalina	Trav. República Arxentina s/n-1D (Silleda)
Ferreiro Lorenzo Angel	Rúa D, 8-3B (Silleda)
Rodríguez Villar Marcos	Barrio do Campo, 12-2B (Silleda)
Caramés López Antonio Manuel	Rúa D, 9 baixo (Silleda)
Casa Novas 2001 Promoc. S.L.	Barrio do Campo, 19 bixo (Silleda)
Fernández Méndez Mª Saladina	Lg. San Fiz, 9 (Margaride)
Com. Propiet. Edif. Pontevedra 2	Rúa pontevedra, 2 (Silleda)
Blanco Sanmartín Manuel	Trav. República Arxentina s/n-1C (Silleda)
Isla Cardelle Carmen	Rúa Xeral 60 baixo A (Bandeira)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar as solicitudes de abastecemento e saneamento anteriormente mencionadas.

1.11.- Dase conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado - Consellería de Traballo e Benestar, Rexistro de Entrada nº 3179, de data 26 de xullo de 2011, remitindo resolución ditada polo Director Xeral de Xuventude e Voluntariado en relación á solicitude presentada polo Concello ao abeiro da orde do 17 de marzo de 2011, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado para o ano 2011, concedéndolle ó concello de Silleda a cantidade de 1.667,74 €

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.12.- Polo Concelleiro de Cultura dase conta do convenio a asinar entre o Concello de Silleda e a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, que téñ como obxecto a cooperación para a instalación dun albergue de peregrinos no Concello de Silleda, que pasará a formar parte da rede de albergues da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo. Este albergue será instalado nunha parcela de terreo en Bandeira, polígono 511 parcela 1015, referencia catastral 36052C511010150000TE, asumindo o Concello as actuacións necesarias para acondicionar o terreo para o fin que se pretende, dotándoo de servizos básicos.

Visto o texto do convenio e tendo en conta a advertencia da Secretaría de que a obra non pode supoñer a urbanización do mesmo, a Xunta de Goberno Local queda enterada deste convenio.

1.13.- Dase conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Administración Local - Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 3180 de data 26d e xullo de 2011, comunicando que mediante resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2011, pola que se regula a convocatoria de subvencións e os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental, acordouse inadmitir a solicitude presentada por este concello, polo importe de 36.000,00 € para "Minipala modelo 2044, Retroexcavadora T-275, Barredora CB-1-500" dentro da liña de subvención contemplada no artigo 1.5.b) da devandita Orde, subvencións de natureza competitiva, para todos os concellos de Galicia, por non ter remitidas as contas do concello correspondentes ao exercicio orzamentario de 2009 ao Consello de Contas (artigo 1.6).

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta denegación de solicitude de subvención.

1.14.- Dase conta da solicitude de subvención presentada ante a Consellería de Medio Rural, en relación o procedemento "Subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia 2008-2013, convocatoria 2011-2012", para realización do investimento denominado "Instalación fotovoltaica área recreativa das Pedrosas en Silleda e produción ACS Campo de Fútbol de Bandeira", por un importe total de 80.030,78 € (ive incluído).

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta solicitude.

1.15.- Visto o acordo plenario de 8 de xullo de 2011 no que se acordaba por maioría a dedicación exclusiva para o primeiro teniente de Alcalde nos seguintes termos:

"1º. O recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva para os seguintes cargos:

O Sr/ Sra. Alcalde/sa.,

O primeiro tenente Alcalde.

O segundo tenente de Alcalde.

2º. Fixar o seguinte réxime de retribucións brutas para estes membros da Corporación:

(...)

Primeiro tenente de Alcalde: 28.197,27 euros anuais, pagadeiros en 14 mensualidades (12 ordinarias e 2 extraordinarias que se devengarán o día 1 de xuño e 1 de decembro de cada ano).

(...)

Ditas retribucións experimentarán a variación anual que dispoñían os orzamentos do estado para os funcionarios públicos.

3º. Solicitar ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social imponden ás empresas en relación cos traballadores ó seu servizo, asumindo o concello de Silleda o pago da cota empresarial que corresponda.

4º. Este acordo surtirá efecto dende o día en que os concelleiros acepten a aplicación do réxime de dedicación exclusiva de conformidade co artigo 13.4 do Regulamento Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

5º. Notificar o presente acordo aos interesados e publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra."

Visto que con data 14 de xullo 2011 se lle notificou o acordo ao concelleiro a efectos de que aceptase a aplicación do devandito réxime.

Vista a aceptación expresa do concelleiro coa mesma data.

Visto que no Rexistro de Interese do Concello, o concelleiro Manuel Cuiña Fernández, ten declarada como actividade por conta propia a actividade de transporte (autónomo).

Considerando que se trata dunha ocupación marxinal e que non causa detrimento á súa dedicación á Corporación, tal e como dispón o artigo 13.3 do R.O.F e tendo en conta que se trata dunha actividade que non require a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas.

Visto que nestos casos o artigo 14 da Lei 53/ 1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas recolle a posibilidade de que o persoal comprendido no ámbito desta lei, leve a cabo o exercicio de actividades profesionais laborais, mercantiles ou industriais fora das Administracións Públicas, requiríndose para iso o recoñecemento de compatibilidade, que no caso das Corporacións Locais corresponde ao Pleno.

Vista a delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local acordada na sesión plenaria de 8 de xullo de 2011 e visto que de conformidade co previsto no art. 113.e) do ROF, nos casos en que a Xunta de Goberno Local exerza competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente.

Visto que na Comisión Informativa de Réximen Interior, celebrada en data 26 de xullo de 2011 foi dictaminada favorablemente por catro votos a favor (3 do Grupo PsdeG-PSOE e 1 do Grupo Mixto) e tres en contra (Grupo PP).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en uso das facultades que lle confire o acordo plenario de data 08 de xullo de 2011, acorda:

1. Declarar formalmente a compatibilidade da dedicación exclusiva do primeiro teniente alcalde, Manuel Cuiña Fernández coa actividade empresarial que figura no Rexistro de Intereses, de conformidade co artigo 13.3 do RD2568/1986, de 28 de novembro e 14 de la Ley 54/1984.

3º.- URBANISMO.-

3.1.- Dase conta da solicitude presentada por Dº Paulino Sánchez Chao, en nome de INDEPENDENCIA 2, S.A., Rexistro de Entrada nº 3113, de data 19 de xullo de 2011, solicitando licencia municipal para reconstrucción e restauración do hórreo do Pazo de Trasfontado (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Dº Paulino Sánchez Chao, de data 20 de xullo de 2011.

Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 28 de xullo de 2011 no que se sinala que debido á situación da edificación con respecto ó Pazo de Trasfontao e Vía da Prata, contemplada na memoria técnica para solicitude de reconstrucción e resturación de hórreo do Pazo de Trasfontao, deberíase dispor da conformidade da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este expediente á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia para que emita informe previo á concesión de licencia.

3.2.- Actividades Clasificadas.

3.2.1.- Licencia Nº 1093/08. Visto o expediente instruído a instancia de Dª ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA, según consta en escrito de data 19 de xullo de 2011, Rexistro de Entrada nº 3091, (anteriormente este expediente tramitábase a nome de Dº Juan Manuel Estévez Pazos en representación de TÉCNICA OFIGESTIÓN, S.L.), solicitando Licencia de actividade para apertura de local para dedicalo a correduría de seguros, a situar na rúa Xeral, nº 96 baixo (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 07 de novembro de 2.008, se

concede licenza provisional de actividade á licenza de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non poidendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva.

Visto que polo interesado preséntase escrito da técnica redactora do proxecto, arquitecto técnico D^a Araceli Fernández Pena, Rexistro de Entrada nº 5939 de data 17 de novembro de 2008, solicitando a acta de comprobación, por non realizarse obras de ningún tipo, ó estar o mesmo adaptado.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, visto o informe xurídico de data 27 de xullo de 2011 e o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 19 de xullo de 2.011, acorda a concesión de licenza de actividade a D^a ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA para apertura de local para dedicalo a correduría de seguros, a situar na rúa Xeral, nº 96 baixo (Silleda).

3.2.2.- Licencia Nº 5368/10. Visto o expediente instruído a instancia de D^o José Antonio Rey Sánchez, solicitando licenza para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a café-bar, a situar na rúa Antón Alonso Ríos, 26 baixo (Silleda), segundo proxecto técnico asinado polo Arquitecto técnico D^o Oscar Botana Pérez, e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de Pontevedra en data 23 de marzo de 2011 e dirección de obra do arquitecto redactor do proxecto visada polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de Pontevedra en data 06 de abril de 2011.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta.

RESULTANDO: Que con data 27 de xullo de 2011 emítese informe xurídico e que con data 15 de xuño de 2011, polo Arquitecto Asesor Técnico e o Arquitecto Técnico Municipal emítese informe no que se sinala:

“1. Segundo o especificado no Decreto 133/2008 do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, dedúcese que se trata de unha actividade excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental, xa que a actividade para a que se solicita licenza encadra, a xuízo dos técnicos que suscriben, no apartado 4.1 do Anexo III do citado Decreto (Actividades de ocio e entretemento e de restauración previstas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 292/2004, do 18 de novembro).

2. O emprazamento e disposicións propostas non contradín o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, segundo se aprecia do seu emprazamento no plano incluído na documentación técnica.

3. O solo onde se pretende a actividade, segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, ten as seguintes condicións urbanísticas:

- *Clasificación do solo: SOLO URBANO.*
- *Calificación do solo: RESIDENCIAL.*
- *Ordenanza de aplicación: Sección 1ª, ordenanza E.C.: EDIFICACIÓN CERRADA*

4. O uso que se pretende, é compatible con este tipo de solo, segundo o especificado no artigo 18 "Normas de uso" do P.X.O.M. de Silleda.

5.- Consta asemade, estudio básico de seguridade e saúde suscrito polo arquitecto técnico Dº Oscar Botana Pérez, e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de Pontevedra (Delegación de Pontevedra) en data 23-marzo-2011.

5. En relación ó cumprimento da normativa de accesibilidade vixente, o proxecto técnico presentado contén xustificación do cumprimento do R.D. 35/2000 do 28 de xaneiro (Regulamento de desenvolvemento da lei 8/1997 do 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia).

Polo que tendo en conta todo o especificado anteriormente, os técnicos que suscriben consideran que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal de aplicación, polo que se informe favorablemente a solicitude, condicionado ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das medidas correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) Que a ubicación sexa a sinalada no proxecto."*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico e o Arquitecto Técnico Municipal, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

3.2.3.- Licencia Nº 1484/11. Visto o expediente instruído a instancia de D^a Virtudes Sánchez Sánchez en representación de AGRÍCOLA IGLESIAS Y OTROS, S.C., solicitando licencia para ampliación de cortes de vacún existentes, mediante a construción dun silo forraxeiro, a situar no lugar de Regalade, parroquia de Cortegada (Silleda), segundo proxecto técnico asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D^o Francisco Pérez Donsión, e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra en data 06 de abril de 2011, nº 177/11 (Po) e dirección de obra do arquitecto redactor do proxecto visada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra en data 06 de abril de 2011, nº 177/11 (Po).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta.

RESULTANDO: Que con data 27 de xullo de 2011 emítese informe xurídico e que con data 15 de xuño de 2011, polo Arquitecto Asesor Técnico e o Arquitecto Técnico Municipal emítese informe no que se sinala:

"1. De acordo co establecido no artigo 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, a obra solicitada considérase como MAIOR.

2. O solo da finca na que se pretende levar a cabo as obras de ampliación (construción dun silo forraxeiro) de cortes de gando vacún, ten as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO RÚSTICO según a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións.

3. Segundo o artigo 33 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, en relación ós usos e actividades posibles en solo rústico, consta o que literalmente se transcribe:

" (...)

2. Actividades e usos construtivos:

(...)

b) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, garrxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou crien animais, e instalacións avícolas."

4. Segundo o disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, trátase duns usos que non precisan autorización autonómica.

5. Asemade, e segundo a Disposición transitoria primeira da lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, en relación ás explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes, consta o que literalmente se transcribe:

“1. As construcións e instalacións situadas en solo rústico ou en solo de núcleo rural que estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria, de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, así como os serradoiros de madeira existían no momento da entrada en vigor desta lei poderán manter a súa actividade aínda que non estean amparadas nas preceptivas licenzas municipais de edificación ou de actividade, sen necesidade delas.

Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de reconstrución, rehabilitación, conservación e reforma necesarias sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou de serradoiro, e adoptarán as medidas correctoras oportunas para garantir as condicións sanitarias e ambientais.

2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas a explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, que cumprirán as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos e distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. No caso das construcións destinadas a serradoiros tamén se permitirá a súa ampliación sempre que cumpran as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico, excepto no que atinxe á superficie máxima ocupada pola edificación sen superar o límite do 60% da superficie da parcela.

En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.”

6. Segundo o artigo 42.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, en relación ás condicións xerais das edificacións no solo rústico, consta entre outros o que literalmente se transcribe:

“(…)

As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións, empregarase a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno

(…)”

7. Neste sentido, e segundo consta no apartado 2.3 da memoria do proxecto técnico presentado, os muros do silo pintaranse exteriormente cunha pintura plástica resistente ás condicións climatolóxicas da zona, sendo coherente coas tipoloxías rurais tradicionais do contorno.

8. Consta asemade, estudio básico de seguridade e saúde suscrito polo enxeñeiro técnico agrícola Dº Francisco Pérez Donsión, e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra en data 06 de abril de 2011, co número 177/11 (Po)

9. Segundo o Decreto 133/2008 do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, en relación ás actividades agropecuarias, na disposición adicional segunda do mesmo consta a que literalmente se transcribe:

*“Segunda.-Actividades agropecuarias e extractivas de recursos minerais.
As actividades agropecuarias desenvolvidas nas construcións e instalacións previstas na disposición transitoria undécima da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, estarán suxeitas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental só cando acometan unha modificación substancial da súa actividade nos termos previstos no artigo 3º deste decreto.”*

10. En relación ó especificado no punto anterior, os técnicos que suscriben estiman que a ampliación proxectada (construción dun silo forraxeiro) non implica unha modificación sustancial da actividade actual, polo que enténdese que a citada ampliación non está sometida ao procedemento da avaliación ambiental.

Polo que tendo en conta todo o especificado anteriormente, os técnicos que suscriben consideran que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal de aplicación, polo que se informe favorablemente a solicitude, condicionado ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das medidas correctoras propostas en planos e memoria.
- b) Que a ubicación sexa a sinalada no proxecto.”

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico e o Arquitecto Técnico Municipal, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade


ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as catorce horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,



A SECRETARIA,

